

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                            | Concello     | Ano académico |
|----------|-----------------------------------|--------------|---------------|
| 32016066 | CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro | O Carballiño | 2025/2026     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial       | 3º ESO | 1                | 35             |

| Tipo de oferta         |
|------------------------|
| Réxime xeral-ordinario |

| <b>Contido</b>                                                                                        | <b>Páxina</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1. Introducción                                                                                       | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas                                                                  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas                                                   | 4             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas                                                                        | 6             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos                                                                  | 7             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial                                                           | 7             |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación                                                        | 7             |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 8             |
| 6. Medidas de atención á diversidade                                                                  | 8             |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais                                                            | 8             |
| 7.2. Actividades complementarias                                                                      | 9             |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 9             |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 10            |
| 9. Outros apartados                                                                                   | 10            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en O Carballiño, unha vila de algo máis de 14.000 habitantes, formada por 7 municipios. Pertence á Comarca de Carballiño e está limitado pola serra do Faro e o val do río Arenteiro, o principal afluente do Avia. Situado a 25 km da capital provincial, ben comunicado e coas autovías AG-54 e AG-53 ao seu servizo, a súa proximidade a Ourense fai que se configure como cidade dormitorio desta. Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía

implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro situado no Carballiño. Trátase dun centro educativo situado no rural cunha soa liña con 3 aulas de educación especial. A oferta educativa do centro vai dende os 3 anos ata os 21 anos (no caso dos rapaces de aula especial). O centro conta con un Departamento de Orientación con diferentes profesionais como son: unha orientadora, varios PTs, un AL, unha logopedista e unha coidadora. Están a disposición dos alumnos as instalacións deportivas, biblioteca, aula de informática, aula de música, aula de tecnoloxía e varios patios de recreo. Ofertase tamén o servizo de comedor e transporte, así como, aula de espera e diversas actividades fóra do horario lectivo.

A agricultura en Carballiño é unha das bases fundamentais da súa economía.

O sector gandeiro é outro pilar da economía de Carballiño. A tradición gandeira está profundamente enraizada na cultura local e caracterízase pola cría de gando vacún, porcino e aves. Á parte da agricultura e a gandería, Carballiño conta cun sector industrial en crecemento. Este sector estivo diversificándose para incluír distintos tipos de manufactura, como a madeira, o téxtil e a alimentación. Cunha economía en evolución que busca equilibrar a tradición coa modernidade, Carballiño perfílase como un exemplo de como as pequenas comunidades poden prosperar nun mundo globalizado.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 11 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 17 anos. Entre os alumnos temos un rapaz de 17 anos que está escolarizado a tempo completo na aula específica, polo que non asiste co resto do alumnado a materia de Proxecto.

A diversidade do grupo será tida en conta para adecuar o nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos                                                                                                                                                                                                   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1   |    |      | 1  | 1-5   | 3  | 1-2-3 |      |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.                                                                       | 1-3 |    | 5    | 3  | 1-3   | 2  | 3     |      |

| Obxectivos                                                                                                                                                                                                                                                                                             | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |    | 3-4  |

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                | Descrición                                                                                      | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Coidamos o que é noso | Campaña para a recuperación do patrimonio cultural ou natural local (rutas, fontes, moinhos...) | 40             | 13         | X        |          |          |
| 2  | Da terra ao prato     | Proxecto no que poñamos en relevancia o produto de alimentación local sostible con marca propia | 30             | 11         |          | X        |          |
| 3  | Imos de feira         | Feirón escolar: creación de stand/ exposición no taboeiro do centro co noso proxecto            | 30             | 11         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1  | Coidamos o que é noso | 13       |

| Criterios de avaliación                                                                                | Mínimos de consecución                                                                      | IA | %   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.                       | Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.                                | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.    | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.                            |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.                              | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto.                                                |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                            | <b>Mínimos de consecución</b>            | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|-----------|----------|
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                 |
|-----------------------------------------------------------------|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporización.                 |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Da terra ao prato   | 11              |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                               | <b>Mínimos de consecución</b>             | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista                                          | Executar as actuacións planificadas.      | TI        | 100      |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                     | Aplicar os coñecementos axeitados.        |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                          | Empregar recursos e materiais necesarios. |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas.         |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.                                                    | Valorar os resultados logrados.           |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                              |
|----------------------------------------------|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Imos de feira       | 11              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación                                                                                                                        | Mínimos de consecución                                           | IA | %   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|----|-----|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.                                                           | Presentar a campaña publicitaria.                                | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.        |    |     |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. |    |     |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Potenciar as emocións positivas na exposición.                   |    |     |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.                                          | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.          |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "O Valor do Noso"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

A materia de "Proxecto Competencial" busca fomentar a aprendizaxe significativa a través de metodoloxías activas e interdisciplinares. Nun contexto como o da comarca de O Carballiño, cun forte vínculo co rural, coa cultura galega e cun tecido social en transformación, esta materia convértese nunha oportunidade para que o alumnado:

- Desenvolva competencias clave nun contexto real.
- Coñeza e valore o patrimonio natural, cultural e social do seu entorno.
- Propoña solucións a desafíos locais como o despoboamento, o aproveitamento sostible dos recursos ou a identidade cultural.

Na primeira avaliación o traballo do alumnado centrarase na investigación da contorna e dos seus produtos como sustento económico da vila.

Na segunda avaliación plasmarán toda a información tanto en soporte dixital como en papel, elaborando varios carteis coa información e fotografías.

Na terceira avaliación expoñerán o seu proxecto nun lugar visible do centro. Elixirán día e hora para expoñelo oralmente ao resto dos compañeiros do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación        |
|---------------------|
| Aula de ordenadores |
| Caderno             |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 40   | 30   | 30   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100   |

#### Criterios de cualificación:

É importantísimo o traballo feito no día a día, non avaliable con exames. Debe haber unha participación activa no desenvolvemento do proxecto, así como a entrega dunha serie de tarefas de pescuda que se deben ir entregando. O resultado final e a súa presentación engloba unha porcentaxe realmente alta da nota. Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

Evidencias observadas no traballo diario mediante as táboas de indicadores : 100%

Ao final do curso: Han de estar superados os tres trimestres con nota positiva; ou a media dos tres trimestres a de ser positiva.

#### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                                                 | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|-------------------------------------------------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura                   | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita                 | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual                 | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             | X    | X    | X    |

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade              | Descrición                                                   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------------------|--------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|
| Exposición fora da aula | Uso de espazos diferentes á aula para a difusión do proxecto |          |          | X        |

### Observacións:

Os medios eleixidos polo alumnado para a elaboración e difusión do proxecto pode supoñer o uso de espazos diferentes ao da aula, como por exemplo: facer entrevistas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro                                                                                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico        |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado                                         |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas                 |
| Metodoloxía empregada                                                                                 |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas                                                  |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación                                                  |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                            |
| Participación activa de todo o alumnado                                                               |
| Medidas de atención á diversidade                                                                     |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación                                    |

|                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado                   |

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será antemporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**